







A fiestras dos muros testeiros tanto da nave como da ábsida seguen o mesmo modelo construtivo con arco de medio punto, columnas acodilladas e capiteis de decoración vexetal. Sobre estas consérvase un canzorro cunha cruz latina e unha especie de capitel vexetal ou base truncada que podería servir de apoio a unha cruz antefixa. Este tipo de elemento tamén se podía observar no ápice da ábsida, mais a día de hoxe desapareceu.



A singularidade desta igrexa non se limita á beleza das súas proporcións, ou á paraxe na que está ubicada, nin á súa antigüidade, a verdadeira importancia está no seu interior, que aínda que zumega a austeridade e sinxeleza propias do románico rural, sobresaí o seu arco trunfal como unha das partes máis interesantes e fermosas do templo, cunha repercusión notable en igrexas da zona.



Concello de Monterroso
Praza de Galicia, S/N, 27560
Monterroso, Lugo
(+34) 982 377 001
www.monterroso.es



ROMÁNICO EN MONTERROSO

San Salvador de Valboa



XUNTA DE GALICIA

A singularidade desta igrexa non se limita á beleza das súas proporcións, ou á paraxe na que está ubicada, nin á súa antigüidade. A verdadeira importancia está no seu interior, que aínda que zumea a austeridade e sinxeleza propias do románico rural, sobresaí o seu arco triunfal como unha das partes máis interesantes e fermosas do templo, cunha repercusión notable en igrexas da zona. O edificio conserva practicamente íntegra a traza románica de principios do S.XII, a excepción da fachada occidental que foi remodelada recentemente. A planta ten unha soa nave e ábsida rectangular. A menor altura e anchura do presbiterio ten como resultado o xogo de volúmenes tan característico dos templos do románico rural. As fiestras dos muros da cabeceira e da ábside presentan arco de medio punto, columnas acodilladas e capiteis con decoración vexetal.



A fachada occidental foi modificada nun momento posterior ao románico, substituíndo a antiga espadana por outra máis moderna e eliminando a saeteira que daba luz cara o interior. Algunhas das pezas orixinais foron reutilizadas sobre todo na portada.



A porta presenta arco de medio punto en arista viva e sección de prisma. As arquivoltas acollen un tímpano liso e se observan mochetas con ornamentación animal, concretamente cabezas de touro. A cada beira da nave e ábsida dispónse canzorros lisos.



Os seus capiteis son pequenas xoias escultóricas, amosan a rica e interesante decoración. A interpretación da escena do capitel esquerdo ten dúas versións, pode tratarse da Santa Cea ou do Bautismo de Cristo, pero o capitel dereito non presenta dúbidas xa que representa a Adoración dos Magos. Pode observarse tamén, xunto á portada oeste, unha pia baptismal de tradición románica moi sinxela.

